

## Ons, a illa natural

Por Francisco Cruz Senra

Presidente da Cámara de Comercio, Industrial e Navegación de Ferrol

### Ó Grupo “PineirÓns”, asociación cultural e gastronómica e, sobre todo, de amigos e boas xentes.

Despois de viaxar polo mundo adiante, de ter visto paisaxes e lugares únicos, todos eles cunha idiosincrasia propia que os diferencia do resto, de coñecer xentes e culturas singulares, nestes días tiven a oportunidade de mergullarme nun espazo especialmente fermoso en tódolos sentidos.

Estou a falar de Ons, illa sen igual, na que sentín algo indescritible e máxico. Trátase dun espacio natural privilexiado, disfrutado por xentes que fan dos valores da familia o fundamento do seu transcorrer, na paz e tranquilidade que aporta o seu extraordinario contorno. A súa riqueza natural - sucesións de fermosas praias de area fina, que contrastan con acantilados, rochedos e covas, toxeiras e piñeiro - fai desta porción de terra un lugar marabilloso.

Irremediablemente contaxieime dessa harmonía que emana, experimentando e descubrindo unhas apracibles sensacións que non se viven a cotío. Percibín unha sensación de benestar e tranquilidade, que semellaban as propias da parroquia que me viu nacer. Acabando de chegar, as súas xentes fixérónme sentir coma un máis dos seus. Alí calquera que se achegue sempre será considerado un amigo, endexamais un visitante, un forasteiro.



Por iso, gustaría dedicar estas liñas a esa comunidade humana que soubo ó longo dos anos preservar o esplendor natural da illa, da súa flora e da súa fauna, para o noso disfrute e o das xeracións vindeiras, e manter viva unha rica cultura popular de costumes e lendas ancestrais, e de xeito moi especial a este entrañable grupo de amigos que dende diferentes puntos da xeografía galega, únironse para crear a Asociación Cultural - Gastronómica “PineirÓns”, seducidos por esta illa atlántica.

Non podería deixar de gaba-la súa gastronomía, os seus pratos típicos como o polbo á mariñeira, peixe frito e arroces con pescado e marisco, unha delicia para o máis esixente dos padais.

Sendo unha Illa, e tendo o engado da natureza en estado puro, da soildade e arredada de aglomeracións e destinos turísticos de moda, a hospitalidade das súas xentes fai de Ons un dos máis acolledores recantos das nosas rías.

En verdade, a miña estadía foi curta pero intensa. Podo dicir, sinceramente, que volvín coa emoción de pertencer a ela dende sempre. A esto contribuíron todos e especialmente os membros e colaboradores da Asociación “PineirÓns”, que están a levar a cabo un gran labor, tratando de estudiar e revivir as peculiaridades socio - histórico - etnográficas da Illa de Ons.

Felicidades. Coa vosa ilusión, entusiasmo e traballo diario chegaredes lonxe, porque non cabe dúbida que a illa o merece, ¿non si?.

Semana Santa de 1.999

Leña  
Verde  
BUEU

BUEU

# Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

Teléfono: 986 323 483